



CAMPIONATO GALEGO OPEN DE VERÁN

XUNTA DE GALICIA

13, 14 E 15 DE XUÑO NO COMPLEXO DEPORTIVO RÍAS DO SUR

Información de utilidade para os equipos participantes na competición.

Información do evento

DATA	Venres 13, sábado 14 e domingo 15 de xuño de 2025.
PISCINA	Complexo Deportivo Rías do Sur Dirección: Av. Matos, 10, 36153, Pontevedra

Entrada á instalación

A entrada á instalación farase pola porta principal, unha vez dentro para acceder á zona de piscina deberán pasar pola zona de tornos.

Vestiaros.

- Os nadadores entrarán co seu correspondente club de forma conxunta.
- Na entrada indicaráselle o vestiario que deberán usar, como zona de cambio.
- Todas as pertenzas dos nadadores deberán permanecer na zona de grada asignada a cada club.
- Está totalmente prohibido o uso de teléfonos móbiles na zona dos vestiarios.
- Agradecemos orde e limpeza, dos participantes, adestradores e delegados, tanto na zona de piscina como en vestiarios e demais zonas da instalación deportiva.
- Ningunha persoa que non estea autorizada como adestrador, delegado, nadador, voluntario ou xuíz poderá acceder á zona de piscina e vestiarios.




Distribución de vestuarios por clubs.

N o momento da chegada á instalación, unha persoa da organización diralle o vestiario que teñen asignado.

Distribución da zona de auga.

Anexamos plano da distribución da zona de auga.



Reunión de xuíces e delegados

As reunións de xuíces e delegados farase na biblioteca, no primeiro andar do complexo deportivo días do Sur.

Músicas

O prazo máximo será ata o **10 de xuño de 2025**, Deberá enviarse un correo a musica@galaicosincro.com coa música en formato MP3 no que se especifique Nome do Club, Categoría e Rutina á que pertence cada música.
Exemplo: GALAICO_ALEVIN_COMBO

Notificarase a recepción das mesmas .

Así mesmo, o día da competición cada club deberá aportar unha copia da música en formato USB.



Acceso de público

A entrada será libre ata completar aforo. As portas abríranse 30 minutos antes do inicio da competición.

Pregase a todos os clubs que fagan chegar as familias que veñan á competición a importancia de manter o orde e a limpeza na zona de gradas.

Información adicional

Se algún clube precisa algunha outra información ou resolver calquera dúbida por poñerse en contacto connosco.

E-mail : sincro@galaicosincro.com ou secretaria@galaicosincro.com

Telefono : 620188018 (Alejandra)- 669201187 (Iria)



CÓDIGO DE CONDUCTA DURANTE O TROFEO

O CNA Galaico Pontevedra somos un club comprometido e contamos con delegados de prevención do Protocolo de protección de violencia no Deporte.

Polo que vos facemos partícipes do código de conduta existente nas actividades deportivas en Galicia.

Deportistas

- Deberán respectar o material, as instalacións deportivas e as regras de comportamento indicadas.
- Respectarán aos adestradores, compañeiros e resto do persoal da entidade, da instalación ou adversarias.
- Aceptarán con deportividade e respecto calquera decisión dos xuíces e consultarán cos seus adestradores as dúbidas con respecto a este tipo de decisións.
- Non farán condutas inadecuadas ou de violencia contra outros menores:
 - ❧ Utilizando as redes sociais dunha maneira inadecuada para ferir ou sentir mal a alguén.
 - ❧ Insultando ou humillando a alguén.
 - ❧ Pelexándose ou danando a outras persoas, física ou psiquicamente.

Adestradores

- Deberán respectar o material, as instalacións deportivas e as regras de comportamento indicadas.
- Respectarán a dignidade e os dereitos de cada deportista sen facer discriminación algunha por ningún tipo de razón outorgando un trato igualitario.
- Serán un exemplo y actuarán con deportividade respectando as decisións dos xuíces.
- Non farán bullying, actitudes de acoso, grooming nin inflirirán violencia aos deportistas e actuarán contra calquera destas actividades .
- Comunicaranse dunha maneira construtiva, adecuado a cada idade sen humillar a ninguén.

Público xeral.

- Respectar os códigos de conduta, regulamentos, protocolos da entidade deportiva e das instalacións deportivas.
- Animarán aos participantes á práctica do deporte respectando as regras e ás persoas, co obxectivo de que desenvolvan a súa práctica da mellor maneira posible en función das súas capacidades.
- Aceptar as decisións adoptadas polos adestradores ou polo xuíces, comportarse de maneira responsable nas bancadas e non mostrar agresividade verbal ou física